

CARTA FINANCEIRA

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Funcións da Carta Financeira

1.1. A Carta Financeira de Ferrol en Común ten como obxecto regular a xestión e administración dos recursos humanos, económicos e financeiros da organización.

1.2. Ten unha intención inequívoca de garantir a máxima transparencia como produto da nosa vontade política e como consecuencia das demandas da sociedade ás organizacións políticas respecto á mellora dos recursos humanos e materiais que significará maior eficacia.

TÍTULO I. PROCEDENCIA RECURSOS ECONÓMICOS E FINANCEIROS

Artigo 2. Recursos económicos e financeiros

Os recursos económicos e financeiros de Ferrol en Común procederán:

- As achegas dos/as concelleiros/as.
- Persoal eventual asociado a FeC.
- Achegas e colaboracións de simpatizantes.

TÍTULO II DA CARTA FINANCEIRA

Artigo 3. Achegas dos/as concelleiros/as

3.1. Establécese nesta Carta Financeira unha aportación de mínimos de cada un/ha dos concelleiros/as que forman parte do Grupo Municipal Ferrol en Común.

3.2. As obrigas desta carta financeira serán asumidas coa condición de

concelleiro/a.

3.3 A aportación mínima será de 90 € /mes os/as concelleiros/as con dedicación de responsabilidade de goberno e 50€ sen dedicación.

Artigo 4. Achegas do persoal eventual asociado a FeC

4.1. Establécese nesta Carta Financeira unha aportación de mínimos do persoal eventual que forman parte do Grupo Municipal Ferrol en Común.

4.2. As obrigas desta carta financeira serán asumidas ata que remate a súa vinculación coma persoal eventual da antedita formación.

4.3. A antedita achega irá destinada ao pago do local da formación FeC.

4.4. A aportación mínima será a seguinte:

Persoal eventual: 90 €/mes

Secretaría administrativa FeC: 50 €/mes

Artigo 5. Achegas e colaboracións dos simpatizantes

5.1. As achegas e colaboracións dos simpatizantes poderán ter carácter trimestral ou extraordinario de pago único e terán, en todo caso, carácter voluntario.

5.2. A contía así como o procedemento de pago das anteditas achegas seguirá o modelo do Documento I do Anexo desta Carta Financeira.

Artigo 6. Deducións das achegas e colaboracións

6.1. Poderase aplicar unha dedución do 20% das achegas e colaboracións a partidos políticos.

6.2. A base máxima desta dedución será de 600 € anuais de acordo coa Lei Orgánica 8/2007 do 4 de xullo sobre financiamento dos partidos políticos.

Artigo 7. Incumprimentos da carta financeira

7.1. Considerarase incumprimento da Carta Financeira non estar ao corrente

do pagamento mensual no referido ao artigo 3 e 4.

7.2. No momento de acontecer o dito incumprimento decidirán os órganos correspondentes cal será o procedemento a seguir, así como as consecuencias deste incumprimento.

Artigo 8. Transparencia e publicidade

8.1. Co fin de garantir a transparencia e a integridade na xestión dos recursos económicos de FeC, publicarase na nosa páxina web os datos económicos para facilitar a súa consulta e utilización.

8.2. Informarase como mínimo:

- a) Gastos
- b) Ingresos
- c) Débedas
- d) Balances previos (se fóra preciso)